



CONCELLO  
DE TEO

CONCELLO DE TEO

REXISTRO XERAL SAIDA

10 ABR. 2018

Nº.....1145.....

Xunto co presente remitimos Certificación de Secretaría do acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Teo na súa sesión do 4 de abril de 2018, da moción conxunta presentada polo grupo municipal de SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE sobre a imposibilidade de segregacións con novo acceso nas estradas autonómicas e provinciais, do 15 de marzo de 2018.

Teo, 9 de abril de 2018

O alcalde,  
CONCELLO  
de  
TEO (A CORUÑA)  
Alcaldía  
Rafael C. Sisto Edreira

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)

Rúa de Varsovia 4C, 6º – Área Central  
15707 – Santiago de Compostela



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 4 de abril de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

---

### 6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE SON DE TEO-ANOVA E DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE IMPOSIBILIDADE DE SEGREGACIÓN CON NOVO ACCESO NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS E PROVINCIAIS.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da moción conxunta dos grupos municipais de Son de Teo-Anova e PSdeG-PSOE, de 15 de marzo de 2018 (rex. entrada nº 1.962), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 26 de marzo de 2018.

#### ***"MOCIÓN SOBRE IMPOSIBILIDADE DE SEGREGACIÓN CON NOVO ACCESO NAS ESTRADAS AUTONOMICAS E PROVINCIAIS***

*A nova regulación normativa das estradas en Galicia está a provocar importantes, e graves, incidencias na súa aplicación, afectando aos dereitos e deberes urbanísticos da veciñanza galega.*

*Xa vimos os efectos moi prexudiciais da delimitación dos treitos urbanos que se está a realizar desde a Axencia Xeral de Infraestruturas, que foi causa de múltiples alegacións por parte municipal e dos veciños e veciñas afectadas.*

*Na nova regulación aparece tamén con gravísimos efectos que xa están a sofrer a nosa veciñanza, unha nova prohibición que afecta a parcelas linderas coas estradas provinciais e autonómicas, en todo tipo de solos, sexa cal sexa a súa clasificación.*

*A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia determina no seu artigo 52 que "A administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obligatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade*



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

*de tráfico, seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes.”*

*Esta regulación é moi similar ao réxime establecido para as autorizacións de novos accesos por parte das administracións titulares das estradas, que se recollía na normativa anterior, a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.*

*O Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, vai máis aló do establecido na Lei 8/2013, e no seu artigo 137 establece que “**as parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutras vías distintas das estradas**”.*

*Polo tanto, o Regulamento de desenvolvemento modifica a propia Lei, xa que coa previsión incluída no artigo 137, está a prohibir as parcelacións e segregacións de parcelas con fronte a estradas provinciais e autonómicas, cando non haxa alternativa de acceso por vías de outra titularidade pública, o que non se recollía na Lei do 2013, e tampouco se recolle na regulación das estradas de titularidade estatal.*

*En Teo, xa temos os primeiros casos de parcelacións non autorizadas polos titulares de estradas non municipais, ante a imposibilidade de acceder a estas parcelas por vías alternativas.*

*Polo tanto, e unha vez máis, un cambio normativo en principio sen carácter urbanístico provoca, de facto, unha recalificación urbanística, xa que con esta imposibilidade de autorización, desaparece a posibilidade de parcelación de fincas que cumplían todos os requisitos da normativa urbanística para dita parcelación.*

*Esta imposibilidade de parcelación ou segregación, que lembremos ten como fin último a edificación conforme o artigo 148 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, implica de forma clara e nítida unha modificación da réxime de dereitos e deberes dos e das propietarias.*

*Desta forma un Decreto autonómico, aprobado polo Consello da Xunta en reunión do 26 de maio de 2016, a proposta da persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, non só inclúe unha regulación moi diferente á lei sectorial que desenvolve regulamentariamente, senón que modifica o contido e efectos de toda a normativa urbanística en vigor, incluído o propio PXOM de Teo.*

*O Pleno do Concello de Teo, unha vez máis, debe rexeitar estas novas limitacións urbanísticas implantadas por normativas autonómicas sectoriais, que entendemos deben ser obxecto de rectificación inmediata por parte dos promotores das mesmas, e desta forma propoñemos o seguinte*

ACORDO



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

1.- INSTAR á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia á modificación da regulación contida no artigo 137 da Regulamento xeral de estradas de Galicia, de forma que se autorice as parcelacións e segregacións de fincas áinda que acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas non poda resolverse a través doutras vías distintas das estradas, mantendo o previsto no artigo 52 da Lei de estradas de Galicia.

2.- TRASLADAR este acordo a FEGAMP, a fin de que en cumprimento da función prevista no artigo 6 dos seus estatutos, aa promoción, representación e defensa dos intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, inste á Xunta de Galicia á modificación do articulado en cuestión.

3.- TRASLADAR este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia”.

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1.- INSTAR á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia á modificación da regulación contida no artigo 137 da Regulamento xeral de estradas de Galicia, de forma que se autorice as parcelacións e segregacións de fincas áinda que acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas non poda resolverse a través doutras vías distintas das estradas, mantendo o previsto no artigo 52 da Lei de estradas de Galicia.

2.- TRASLADAR este acordo a FEGAMP, a fin de que en cumprimento da función prevista no artigo 6 dos seus estatutos, aa promoción, representación e defensa dos intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, inste á Xunta de Galicia á modificación do articulado en cuestión.

3.- TRASLADAR este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace do sr. alcalde, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, a 6 de abril de dous mil dezaoito.

Vº e prace

O alcalde



Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral



Virginia Fraga Díaz